

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWIONW	<i>Expediente</i> CON/93/2012	<i>Fecha</i> 17-10-12 11:43

Asunto

Servizo de mediación de seguros privados para o Concello de Santiago de Compostela - Prego cláusulas Administrativas

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS MEDIACIÓN SEGUROS PRIVADOS

Obxecto do contrato

Será obxecto deste contrato a prestación ao Concello de Santiago de Compostela, por parte dun corredor de seguros ou correduría de seguros, dos servizos de mediación para o asesoramento preparatorio da formalización de contratos de seguros privados, así como a posterior asistencia ao tomador do seguro, ao asegurado ou ao beneficiario do seguro, de acordo co previsto na Lei 26/2006, de 17 de xullo, reguladora da actividade de mediación en seguros e reaseguros privados, publicada no B.O.E. de 18 de xullo de 2006.

O contrato ou contratos de seguro, obxecto da mediación, comprenderán as pólizas de Danos Materiais, Responsabilidade Civil e Automóbiles e calquera outros seguros que determine o Concello de Santiago durante a vixencia do contrato de mediación.

Características técnicas da execución

O corredor ou correduría de seguros que resulte adxudicatario, baixo o control do Concello de Santiago, realizará os seguintes servizos e facilitará os informes que a continuación se especifican:

1. Colaboración na avaliación de necesidades de seguros do Concello de Santiago, asesorando á mesma sobre as condicións do contrato ou contratos de seguros que ao seu xuízo, convén subscribir.
2. Investigación e análise permanente das diferentes alternativas do mercado asegurador, mantendo unha información continuada das mesmas.
3. Colaboración na elaboración dos pregos para a contratación do seguro ou seguros obxecto de mediación, así como na selección do contratista, ofrecendo a cobertura que de acordo co seu criterio profesional e as prescricións sinaladas nos pregos, mellor se adapte ás condicións do Concello de Santiago.
4. Asesoramento continuo por técnicos especializados no seguimento e análise de riscos, ao obxecto de conseguir melloras nas condicións técnicas económicas contratadas. Seguimento de toda a sinistralidade ocorrida, no ámbito do contrato ou contratos de seguros obxecto da mediación.
5. Semestralmente o adxudicatario confeccionará e entregará informes nos que se reflicta a situación dos contratos de seguros Subscritos.
6. O adxudicatario entregará un informe anual dos resultados obtidos na anualidade correspondente, nun prazo dos dous meses a partir do vencimento de cada período.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONW10NW	<i>Expediente</i> CON/93/2012	<i>Fecha</i> 17-10-12 11:43

7. O adxudicatario facilitará, como mínimo semestralmente, detalle da relación de suplementos de altas e baixas cos custos correspondentes.

8. O adxudicatario facilitará se fose preciso, as cartas de garantía, os certificados de seguros, os suplementos de altas e baixas e os apéndices, dentro dos 7 días seguintes a partir daquel en que se lle solicitaron.

9. O adxudicatario entregará dentro dos 30 días seguintes á data de efecto das mesmas, as pólizas de seguros debidamente revisadas.

10. O adxudicatario prestará ao tomador do seguro, ao asegurado e ao beneficiario do seguro asistencia posterior á formalización o contrato de seguro, mediante nas relacións coa entidade aseguradora e realizando as xestións e trámites que correspondan como consecuencia dos sinistros e demais incidencias que se produzan.

Dirección e Organización do Servizo

O Servizo de Contratación e servizos comunitarios do Concello de Santiago desempeñará as funcións de dirección supervisión e coordinación da execución do Contrato. A Empresa Adxudicataria virá obrigada a designar un Delegado da Empresa que será a persoa responsable da prestación do servizo, e que ao propio tempo, recibirá as instrucións pertinentes en relación co presente contrato.

O Concello de Santiago poderá impartir as instrucións que sexan pertinentes en relación coa execución do contrato. Estas instrucións facilitaranse ao Delegado de Empresa ou ben, cando a súa natureza ou anecesidade de aplicación inmediata permítano ou aconsellen, directamente ao persoal encargado da execución dos traballos, que as recibirán en nome da Empresa Adxudicataria.

Responsabilidade

O contrato executarase con estrita sujeción a este prego e ao de Cláusulas Administrativas Particulares, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista a Administración. En todo caso executarase de conformidade co establecido no Convenio Colectivo do sector e demais normativa aplicable. O contratista será responsable da correcta execución do contrato, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2012.

A XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,



Asdo: Rocio Montañes Fernandez

